

CHARLOTTE

Texto de CONSUELO VERCHER

Tradución de TAMARA ANDRÉS

Ilustracións de CLARA ENCINAS

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 56 páx. 16 €

Charlotte (galego)

ISBN 978-84-1343-272-4. Sete Leguas.

Charlotte (castelán)

ISBN 978-84-1343-273-1. Siete Leguas.

Charlotte (català)

ISBN 978-84-18558-85-6. Set Llegües.

Chámome Charlotte. Teño seis anos, case sete. Fixen a conta e xa vivín 2427 días. Non a fixen eu soa. Seis por sete ás veces atáscaseme, así que pedínlle axuda a Colin. En troco tiven que darlle un anaco do chocolate da miña merenda. Teño que escribir moito porque axiña me chamarei Pallasa e despois Meiga e, cando teña 3285 días, quero chamarme Frigo..


Un canto á vida, á tolerancia e ao amor

Con case sete anos, Charlotte escribe o que sucede na súa vida cotiá e na súa contorna: unha familia bohemia rodeada de natureza, unha veciñanza multicultural onde conviven de forma respectuosa e solidaria, o fogar que forma coa súa nai e o seu pai, un irmán e unha irmá, un can e un gato. Para ela no existen os prexuízos dos adultos e trata de entender o mundo cunha sorprendente madurez, preguntándose polo significado da morte, interesándose polas causas xustas, rebelándose contra as normas dos maiores e argumentando os seus propios criterios.

O seu xeito de expresarse é natural e espontáneo, tal como fala e pensa. Así é Charlotte: fantasía, idealismo e unha divertida tendencia a inventar palabras. Con todo, detalles familiares que parecen intrascendentes revelan unha terrible situación: a enfermidade da súa nai avanza e a protagonista experimenta tristura, enfado, impotencia...

Consuelo Vercher constrúe unha fermosa historia, con sensibilidade e un elaborado rexistro literario. Como fotografías do álbum familiar, as ilustracións hiperrealistas de Clara Encinas -a base de grafito e unha sutil presenza do color- reforzan a beleza do texto representando os personaxes, os escenarios que habitan e os obxectos que os caracterizan, entre os que destaca o simbolismo das flores.

www.**Kalandraka**.com
comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** a vida cotiá a través de los ollos dunha nena.
- **Idade recomendada:** desde 7 anos.
- **Aspectos destacables:** familia, fogar, amor, amizade; enfermidade, emocións; fantasía, tolerancia, solidariedade; ilustracións hiperrealistas.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/charlotte-g>

Consuelo Vercher

(Francia)

Licenciada en Letras Modernas pola Universidade de Pau et des Pays de L'Adour. Foi profesora de Lingua Francesa no Ensino Secundario. Recibiu o 1º Premio de Innovación Educativa (Embaixada de Francia en Madrid) e o 1º Premio Letras Galegas "María Mariño" (Xunta de Galicia). Como tradutora, ten colaborado coa Semana Galega de Filosofía (Aula Castelao, Pontevedra), a editorial Laiovento e a revista Grial.

Clara Encinas

(Rute, Córdoba, 1994)

Mudou os seus estudos de Arquitectura por Belas Artes, ampliando a súa formación cun Máster de Deseño Gráfico e Preimpresión. Traballa como ilustradora e deseñadora gráfica, especialista en grafito e técnicas tradicionais. A vida cotiá, a ciencia e a natureza son as fontes de inspiración da súa obra. Participou no desenvolvemento de proxectos de moda, xogos infantís e música con diversas marcas.

<https://www.claraencinas.com/>

